

## RESOLUCIÓN REITORAL, DO 18 DE FEBREIRO DE 2022, POLA QUE SE CONVOCA O PREMIO «A LINGUA GALEGA EN 2050»

A Universidade de Vigo, a través da Área de Normalización Lingüística, convoca o Premio «A lingua galega en 2050». O obxectivo é promover a reflexión prospectiva sobre a situación social da lingua galega a mediados do século XXI a partir de propostas ensaísticas, literarias ou de divulgación científica.

Esta convocatoria realízase ao abeiro do Convenio de colaboración vixente entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para a promoción da lingua galega, de acordo coas seguintes bases:

### BASES

1. A temática versará sobre a situación social da lingua galega a mediados do século XXI, tanto desde a perspectiva das crenzas e das expectativas (como *cremos* que estará a lingua en 2050) coma dos desexos e dos anhelos (como *nos gustaría* que a lingua chegase a 2050).
2. Poderán participar todas as persoas matriculadas nalgún grao, mestrado ou programa de doutoramento da Universidade de Vigo no curso 2021/2022.
3. Só se poderá presentar un orixinal por persoa.
4. Todos os orixinais deberán estar redactados en lingua galega de acordo coas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega (NOMIG, 2003), e garantir unha esperable calidade lingüística.
5. Os textos serán inéditos, non premiados noutro certame no momento da decisión do xurado nin pendentes da concesión doutro premio. A súa extensión estará entre 1200 e 2000 palabras.
6. Todos os orixinais que cumpran con estas bases serán avaliados por un xurado. As propostas mellor consideradas recibirán cada unha un premio de ata 200 euros (contía á que se lle aplicarán as retencións legalmente establecidas). O financiamento destes premios será por conta da partida orzamentaria 2022 0000 421SNLI 484.99 de Normalización Lingüística.
7. Os traballos presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo, en DIN-A4, con letra Times New Roman e corpo 12 nun sobre aberto identificado cun lema, alcume, pseudónimo elixido polo autor/a e nome da convocatoria (**Premio «A lingua galega en 2050»**).

Así mesmo, dentro deste sobre, xunto cos traballos incluírase outro sobre aberto



Área de  
Normalización  
Lingüística

identificado co devandito lema, alcume, pseudónimo elixido polo autor/a que conterá os datos persoais (nome, apelidos, copia do DNI, teléfono de contacto e enderezo electrónico). O xurado só o abrirá no caso de ser premiado. Non será válido o sobre interior que non conteña o citado xustificante de rexistro de entrada.

8. Os traballos presentaranse nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e dirixiranse á Área de Normalización Lingüística.

Para garantir o anonimato, os asentos no rexistro realizaranse especificando que se presenta unha **obra ao Premio «A lingua galega en 2050»** pero sen facer referencia ao lema/alcume/pseudónimo.

O prazo de presentación dos orixinais permanecerá aberto desde o día seguinte de publicarse esta convocatoria ata o 22 de abril de 2022 ás 14.00 horas. Se o último día do prazo coincide un sábado ou un día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

9. Os traballos premiados serán propiedade dos autores/as respectivos, agás a primeira edición, que publicará a Universidade de Vigo. En posteriores edicións, se as houber, deberá constar a súa condición de Premio Universidade de Vigo.
10. O xurado, presidido polo reitor ou persoa en quen delegue, estará integrado por persoas de recoñecida traxectoria na sociolingüística galega.

A decisión será inapelable e a entrega dos devanditos premios terá lugar no acto institucional da Universidade de Vigo con motivo do Día das Letras Galegas de 2022.

11. Os orixinais non premiados non se lles devolverán aos autores/as e destruíranse pasados dez días da resolución da convocatoria.
12. A participación na presente convocatoria supón aceptar as bases, que o xurado e a Área de Normalización Lingüística poderán interpretar nos aspectos non previstos nelas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor  
Por delegación RR do 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)  
A vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais  
Mónica Valderrama Santomé  
(asinado dixitalmente)

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800125s22N0000003

CSV

GEISER-5fb8-5d6a-472b-4567-a332-b1ba-860e-8f94

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

18/02/2022 11:34:53 Horario peninsular

Validez del documento

Original

